

Escola Superior de
Enxeñaría Informática

Informe final

2018-2019



Plan de Acción Tutorial

Táboa de contidos

Presentación.....	3
Cumprimento da planificación e seguimento do PAT.....	3
Fichas de seguimento.....	6
Cuestionarios de satisfacción.....	6
Avaliación dos indicadores.....	11
Consecución dos obxectivos.....	12
Melloras a introducir para o curso 2019-2020.....	14

Presentación

O informe final do PAT é o instrumento fundamental para a avaliación e posterior mellora do mesmo.

A avaliación do PAT concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que aporte datos sobre:

- Os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan (produto).
- A idoneidade dos medios e recursos empregados para obter ditos resultados (proceso).

Constitúe unha ferramenta esencial xa que proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e a finalización do mesmo.

Este ano, de xeito experimental e dentro do PAT, púxose en funcionamento no segundo cuadrimestre o Plan Mentor, no cal cada grupo de estudantes de novo ingreso estaba mentorizado por un/unha estudante de cursos superiores, co gallo de axudar e orientar ao alumnado de xeito complementario ao labor realizado polo profesorado titor.

Neste documento se presenta a valoración global das accións realizadas. Analízase o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as consecuencias e propostas de mellora que deberían incorporarse ao plan do curso seguinte.

Cumprimento da planificación e seguimento do PAT

Nas seguintes fichas reflíctense os datos facilitados polos/as titores/as participantes no PAT.

Ficha para a Avaliación do PAT					
Grao de Cumprimento do PAT respecto ao Planificado					
Bloque O: Organización					
Actividade	(Marcar cunha X)			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Sesión de Organización-Presentación			x	Desenvolveuse con total normalidade.	7 profesores/as
Reunión Alumnado-Profesorado Titor		x		Nalgúns grupos non asistiron estudantes. Nos outros, desenvóléronse con normalidade.	88
Asesoramento Seguimento Continuo		x		Desenvóléronse con normalidade con todo o alumnado asistente.	25

Análise-Avaliación Parcial do PAT			x	Desenvolveuse de forma conxunta coa participación dos/as titores/as e a coordinadora do PAT.	1 coordinadora 6 titores
Análise-Avaliación Final do PAT			x	Desenvolveuse de forma conxunta coa participación dos/as titores/as, os mentores/as e a coordinadora do PAT.	1 coordinadora 6 titores

Bloque 1: Acollida

Actividade	<i>(Marcar cunha X)</i>			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Sesión Informativa			x	Desenvolveuse de forma conxunta coa participación de todos	110

Bloque 2: Apoio á Formación

Actividade	<i>(Marcar cunha X)</i>			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Reunión Grupal		x		Nalgúns grupos non asistiron alumnos/as ás reunións.	65
Toma de Decisións Que facer ao finalizar o curso?		x		Escasa participación do alumnado	38

Bloque 3

Actividade	<i>(Marcar cunha X)</i>			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Atención á Diversidade	x			Non se detectaron necesidades específicas	0

Conclusións

- De xeito similar a anos anteriores, a asistencia foi escasa ou nula nalgúns grupos do PAT, mentres que noutros houbo sempre alumnado asistente.
- Non se detectaron necesidades especiais de apoio educativo a través do PAT.

Ficha para a Avaliación do PAT do Alumnado Mentor

Actividade	<i>(Marcar cunha X)</i>			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Reunión Grupal (4-8 febreiro)			x	Aínda que nalgúns grupos houbo pouca asistencia, desenvolveuse con normalidad	46

Reunión Grupal (11-15 febreiro)					39
Reunión Grupal (11 -15 marzo)		x		Nun grupo non houbo asistentes	22
Reunión Grupal (1-5 abril)		x		Nalgúns grupos non asistiron alumnos/as ás reunións.	12
Reunión Grupal (29 abril – 2 mayo)		x		As datas coincidiron con entregas de tarefas e exames próximos	9
Asesoramento Seguimento Continuo (febreiro a xullo)				Nalgúns grupos non asistiron alumnos/as ás reunións.	-

O PAT está orientado e planificado para o alumnado de primeiro curso do Grao en Enxeñaría Informática, distribuídos en varios grupos, supervisados polos/as titores/as, así coma para os/as alumnos/as extranxeiros/as, supervisados/as por un/ha único/a titor/a, que é o/a encargado/a de facilitarlles a súa estadía no Centro. O alumnado de novo ingreso dispón tamén de alumnado mentor á súa disposición.

Ficha para a Avaliación do PAT				
Análise Final de Seguimento (media) dos implicados				
Ítem	(Marca cunha X)			Xustificación
	Empeorou	Mantívose	Mellorou	
Asistencia media do alumnado ás sesións de organización: 12.6			x	Mellorou considerablemente con respecto ao derradeiro ano
Asistencia media do alumnado ás sesións de acollida: 110		x		Todo o alumnado asistiu
Asistencia media do alumnado ás sesións de apoio á formación: 7.4			x	Non houbo problemáticas que resolver, pero aínda así a asistencia aumentou
Asistencia media do alumnado ás sesións do PAT: 9.1			x	O número medio de asistentes tamén mellorou
Conclusións				
<ul style="list-style-type: none"> • A asistencia ás primeiras reunións do PAT foi completa en todos os grupos do PAT. • A ausencia de problemas atopados indican que o alumnado non necesita facer un uso intensivo do PAT unha vez está integrado no Centro, e soluciona os seus problemas falando directamente co profesorado titor correspondente ou coa coordinadora do PAT. Isto pon de relevo o bo funcionamento do Centro. 				

Fichas de seguimento

As fichas de seguimento foron cubertas polos/as coordinadora/titores/as en cada reunión realizada, e nelas se reflicten as dificultades e problemas detectados no desenvolvemento do curso académico.

Análise xeral das fichas de seguimento

- Non xurdiron problemas que afectaran ao normal desenvolvemento da docencia.
- As incidencias máis relevantes tiveron que ver con problemas técnicos, coma a falta de aire acondicionado en períodos de moita calor, o que dificultou o seguimento das clases nalgunhas ocasións.

Dificultades, queixas, suxerencias e problemas detectados

De carácter xeral

- o Non se atoparon.

Relacionados co proceso de ensino/aprendizaxe das materias

- o Nalgunhas materias apareceron algunhas dificultades, todas elas solucionadas cando se puxeron en coñecemento do profesorado titor e da coordinadora. Entre elas pódense citar:
- o Na materia de Análise Matemática, dificultades para escoitar ao profesor e para entender algúns conceptos. Falouse co profesor responsable, quen puxo solución a todas as dificultades.
- o Na materia de Programación I, problemas co tempo para realizar as actividades avaliadas nalgúns grupos de prácticas. Falouse coa profesora responsable, quen garantiu que todo o alumnado tería as mesmas condicións para as probas avaliadas.
- o Na materia de Fundamentos Éticos e Xurídicos das TIC, prohibición de empregar o uso de móbiles e portátiles, polo uso indaecuado que fixo deles unha parte do alumnado. Non foi necesario falar coa profesora responsable, dado que a prohibición xurdiu por un mal uso dos dispositivos por parte do alumnado, cabe indicar, ademais, que esta prohibición está tamén presente noutras materias, como Programación I.

Do propio PAT

- Pouca asistencia ao PAT.
- Solicitáronse dúas reunións por parte do alumnado coa coordinadora, unha no primeiro cuatrimestre e outra no segundo.

Cuestionarios de satisfacción

Os cuestionarios de satisfacción foron cubertos polo alumnado. A continuación amósanse os resultados obtidos en cada unha das cuestións.

1. Valora a documentación e a información previa ofrecida do PAT

<i>Moi Mala</i>	
<i>Mala</i>	10,53%
<i>Boa</i>	68,42%
<i>Moi Boa</i>	21,05%

2. A valoración que che merece a organización e coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT é:

<i>Moi Mala</i>	5,26%
<i>Mala</i>	7,89%
<i>Boa</i>	73,68%
<i>Moi Boa</i>	13,16%

3. En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás túas expectativas?

<i>Nada</i>	
<i>Pouco</i>	23,68%
<i>Bastante</i>	71,05%
<i>Moito</i>	5,26%

4. Valora o grao de utilidade do PAT

<i>Nada</i>	5,26%
<i>Pouco</i>	26,32%
<i>Bastante</i>	63,16%
<i>Moito</i>	5,26%

5. Resulta aplicable o abordado no PAT para distintos aspectos do teu desenvolvemento persoal, académico e profesional?

<i>Si</i>	80,00%
<i>Non</i>	20,00%

Por que?

SI

- Son un canal de comunicación cos profesores e co resto da Universidade.
- Es útil para que nuestras dificultades con materias o profesores sean resueltas.
- Los consejos que se nos dan fueron realmente útiles.
- porque aprendín nova información sobre a Universidades, o Erasmus ou cursos superiores.
- Axuda ó alumnado.
- Axudaron a gañar confianza entre todo o alumnado, así como a enfocars os obxectivos da carreira.
- Porque aprendín a expresarme mellor.
- Porque son de gran axuda os consellos que dan.
- Axúdante a adaptarte ao mundo universitario.
- Axuda a comprender o que estudamos.

- Los consejos de los alumnos de otros cursos son útiles.
- Porque ayuda a hacer una valoración sobre lo más importante.
- Resuelve dudas acerca de temas importantes, sobre todo al principio de curso.
- Respondeu un par de preguntas no relativo ao ámbito académico.
- Porque nos ayuda a saber desenvolvernos en diferentes situaciones.

NON

- Pouca aportación en xeral.
- Porque non fixen moito uso desta axuda.
- Teño a sensación de que non me foi moi útil. O PAT servíume para afrontar a carreira máis relaxado.
- Solo asistí a una sesión del PAT.
- Poco desarrollado.

6. Consideras que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

Si	85,71 %
Non	14,29 %

Por que?

SI

- Coincidieron bien las fechas y están a unas horas asequibles.
- Pola miña parte non houbo problemas coas datas.
- Os poucos días que non podiamos asistir, tiñamos a posibilidade de establecer outro día.
- Non había moitos exames.
- Sempre tentaban adaptarse aos nosos horarios.
- Avísanse con bastante anterioridade.
- Cumpríronse sempre.
- Porque foron consultadas.
- No coincidieron con los períodos de exámenes en ningún momento.
- Creo que la información que nos dio el mentor sería más útil en el primer cuatrimestre.
- Posibilidade de cambio.
- Pareceume un horario favorable para todos, aínda que o número de reunións considéroo excesivo.

NON

- Pola tarde a xente non pode.
- Nalgunhas das datas establecidas os alumnos non puidemos asistir debido á falta de dispoñibilidade.
- No me enteraba casi nunca cuando había reunión.

7. Consideras axeitada a metodoloxía empregada?

Si	81,08 %
Non	18,92 %

Por que?

SI

- Eran actividades dinámicas e divertidas.
- Porque nos favorece.
- Empregan actividades motivadores.

- *Muy dinámica.*
 - *Opino que debería ser un solo grupo.*
- NON**
- *Hai que melloralala.*
 - *Porque non me pareceron útiles as reunións co mentor.*
 - *Aburrida y lenta, nada interesante.*
 - *Leváronse a cabo actividades que na miña opinión non foron útiles nin favorecen a participación.*
 - *Alguna reunión a la que acudí fue bastante larga.*

8. Consideras axeitado o sistema de seguimento?.

<i>Si</i>	78,38%
<i>Non</i>	21,62%

Por que?

SI

- *As citas regulares axudaban a non perder o contacto.*
- *É molí continuado.*
- *Muy útil.*
- *La comunicación con los mentores sobre las distintas actividades es bastante constante.*
- *Creo que tuvo un buen progreso.*

NON

- *Gustárame ter seguido facendo o seguimento co tutor principal, o cal non significa que o alumnado o fixera mal.*
- *Porque podería ser máis intensivo.*
- *Non creo que sexan necesarias tantas reunións.*

9. Valora a actuación do teu titor/a nos distintos aspectos

	<i>Moi mal</i>	<i>Mal</i>	<i>Ben</i>	<i>Moi ben</i>
<i>Metodoloxía empregada</i>		10,53%	71,05%	18,42%
<i>Desenvolvemento dos contidos</i>		15,79%	63,16%	21,05%
<i>Claridade da exposición.</i>		10,53%	71,05%	18,42%
<i>Atención persoal aos alumnos</i>		13,16%	50,00%	36,84%
<i>Aclaración de dúbidas</i>		7,89%	55,26%	36,84%

10. Valora a actuación do teu mentor/a nos distintos aspectos

	<i>Moi mal</i>	<i>Mal</i>	<i>Ben</i>	<i>Moi ben</i>
<i>Metodoloxía empregada</i>		5,41%	72,97%	21,62%
<i>Desenvolvemento dos contidos</i>		13,51%	56,76%	29,73%
<i>Claridade da exposición.</i>		8,11%	62,16%	29,73%
<i>Atención persoal aos alumnos</i>		2,70%	54,05%	43,24%

<i>Aclaración de dúbidas</i>		2,70%	67,57%	29,73%
------------------------------	--	-------	--------	--------

11. Que eliminarías do PAT?

- Reduciría el número de reuniones.
- As actividades de mentoring.
- La metodoloxía actual.
- Los grupos individuais.
- Algunhas actividades.
- As actividades de traballo en grupo, ou polo menos reformularíaaas.
- Algunhas de las reuniones creo que pudieron haber sido máis cortas.

12. Que engadirías?

- Nada, penso que está ben como está.
- Non sei.
- Reuniones con mentor y tutor.
- Máis reunións.
- Máis atención a los alumnos.
- Máis titoría.
- Información e contidos sobre a carreira.
- Actividades máis entretenidas.
- Máis reunións co profesor.
- Información sobre diversos ámbitos da carreira.
- Nuevos métodos que puedan llamar máis la atención del alumnado, ya que algunos de ellos eran los típicos para desenvolverse con las personas.

13. En que grao a titulación Grao en Enxeñaría Informática responde ás túas expectativas?

<i>Nada</i>	5,41%
<i>Pouco</i>	13,51%
<i>Bastante</i>	35,14%
<i>Moito</i>	45,95%

Conclusiones

- Os/as estudantes que participaron no PAT valoran, na súa maioría, este Plan de xeito positivo.
- O profesorado titor está ben valorado.
- O plan mentor, posto en funcionamento este ano de xeito experimental no segundo cuadrimestre, foi ben valorado polo alumnado asistente, aínda que algunhas reunións resultaron moi longas e algunhas actividades son mellorables.
- O alumnado mentor tamén ten unha boa valoración.
- O alumnado que asiste ao PAT require máis reunións de seguimento co profesorado.
- A titulación respondeu, en xeral, ás expectativas iniciais do estudantado, dado que unha porcentaxe superior ao 80% manifesta que a titulación respondeu bastante ou moito ás súas expectativas iniciais.

Avaliación dos indicadores

Ficha para a Avaliación do PAT				
Avaliación dos Indicadores				
Indicador	(Marca cunha X)			Xustificación
	Empeorou	Mantívose	Mellorou	
Alumnado matriculado de novo Ingreso: 110			x	O anterior curso foi de 123. Aínda que se seguen a cubrir máis prazas das ofertadas, hai unha diminución notoria con respecto a hai dous anos.
Alumnado matriculado total no centro: 639			x	O anterior curso foi de 627, moi similar, aínda que lixeiramente inferior
Egresados/as (2018-2019): 49	x			O curso 2017-2018 foi de 64.
Taxa de Graduación (2017-2018): 29.25%		x		O curso anterior foi de 29.0%. É claramente mellorable.
Taxa de Abandono (2017-2018): Non dispoñible				Datos non dispoñibles
Taxa de Eficiencia (2017-2017): 86%			x	O ano anterior foi de 78%, o cal indica unha mellora considerable.
Nº de Alumnos/as Enviados/as en Programas de Mobilidade: 33			x	O ano anterior foron 11. É claramente mellor.
Nº de Alumnos/as Recibidos/as en Programas de Mobilidade: 1			x	O ano anterior foron 0.
Taxa de Inserción Laboral: non dispoñible				Datos non dispoñibles
Conclusións				
<ul style="list-style-type: none"> • En termos xerais, os datos mantivéronse en relación co ano anterior. • O máis relevante é a baixa taxa de graduación, aspecto que está a ser revisado dentro do Plan de Melloras do Centro. Ata o momento, realizouse un seguimento da evolución a nivel de materias, para detecta aquelas que teñen taxas de éxito e rendemento baixas. Proximamente analizaranse os datos do alumnado. • É necesario tamén revisar o número de egresos, dado que diminúen dende hai dous anos. Quizais sexa pola gran demanda laboral do noso estudante, o que fai que comecen a súa carreira profesional sen ter rematados os seus estudos. 				

Consecución dos obxectivos

Ficha para a Avaliación do PAT				
Grao de Consecución dos Obxectivos				
Obxectivos Xerais				
Obxectivo	(Marca cunha X)			Xustificación
	Non Logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Establecer a titoría e a orientación profesional na universidade como modo de diversificar a axuda educativa ao estudante durante o seu paso pola universidade.		x		Escaso interese do alumnado unha vez está integrado no Centro
Establecer un sistema de información, orientación, e seguimento académico para os estudantes mediante a asignación dun profesor-titor.			x	
Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria.		x		Escaso interese do alumnado.
Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a Universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar....			x	Está ben valorado.
Potenciar a capacidade de aprendizaxe autónomo do estudante e as posibilidades de traballo colaborativo e en equipo.			x	Non houbo problemas de traballo en grupo. Como todos os anos, organizouse tamén un taller para cubrir esta necesidade para o alumnado de 1º curso.
Entender a función do profesor como a dun axente que orienta e guía a aprendizaxe do estudante para lograr progresivamente a regulación e xestión autónoma do mesmo.			x	O profesorado está ben valorado; o alumnado considera a súa función importante dentro do PAT,
Fomentar a capacidade de análise e resolución dos problemas e a toma de decisións baseada en criterios ben establecidos, que impliquen a necesidade de xuízo crítico e construtivo.		x		Ben valorado por parte do alumnado asistente, mellorable se aumenta a asistencia.

Entender a función do alumnado mentor coma unha axuda máis de integración e facilitación de tarefas dentro do Centro.			x	O alumnado mentor foi ben valorado polo alumnado asistente ao PAT
---	--	--	---	---

Conclusiones

- Unha alta porcentaxe do alumnado que participou na enquisa final valora o PAT de forma positiva.
- Aínda que o alumnado que participa no PAT considera importante a mentoría con estudantes de cursos superiores, solicita a existencia de reunións co profesorado titor no segundo cuadrimestre.

Ficha para a Avaliación do PAT

Grao de Consecución dos Obxectivos

Obxectivos Específicos

Obxectivo	(Marca cunha X)			Xustificación
	Non Logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Mellorar a implicación dos/as estudantes na Xestión do Centro.			x	Incorporáronse máis de 10 estudantes á Delegación de Alumnos, e forman parte ademais das distintas Comisións da ESEI, e da Xunta da Centro.
Mellorar a satisfacción dos/as estudantes coa formación recibida.			x	En xeral, o alumnado está satisfeito.
Reducir a taxa de abandono.			-	Non hai datos sobre esta taxa no curso 2017-2018.
Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo do alumnado.			x	Séguese a impartir talleres de traballo en grupo. Ademais, o Gabinete Psicopedagóxico do Campus de Ourense segue a ser fundamental naqueles casos detectados de necesidades especiais.
Fomentar a inserción laboral do alumnado	-	-	-	Non dispoñible
Aumentar a taxa de graduación	x			É necesario atopar unha solución para obter unha taxa superior, dado que o seu valor é baixo.
Aumentar a taxa de eficiencia			x	É moi elevada, aínda que baixou un pouco con respecto ao ano anterior,

				pódese considerar como obxectivo logrado.
Conclusións				
<ul style="list-style-type: none"> • En liñas xerais, podemos considerar cumpridos os obxectivos. • É importante sinalar a alta participación actual do alumnado nas tarefas de xestión e representación do Centro. • O alumnado de necesidades especiais ten a súa disposición plans de estudo específicos, adaptados ás súas necesidades, que lles permiten un normal seguimento do curso. 				

Melloras a introducir para o curso 2019-2020

- Dado que este ano a titoría por parte de alumnado mentor pódese considerar coma unha acción rematada con éxito, propónse para o vindeiro ano introducir os formularios correspondentes para a avaliar de xeito formal esta mellora.
- Do mesmo xeito, propónse modificar o protocolo do PAT e o seu cronograma de actividades, para que inclúa accións establecidas por parte do alumnado mentor, sempre e cando haxa alumnado dispoñible para realizar a tarefa de mentoría.
- Tamén propoñemos como modificación do PAT a inclusión de xeito formal do alumnado con necesidades especiais, de xeito que estes/as estudantes poidan desenvolver a súa actividade académica en igualdade de condicións, e acadar resultados satisfactorios.
- Adaptación dos formularios existentes ao novo Regulamento Xeral de Protección de Datos.